

## Información

**NÓS, AS MULLERES**  
Asociación de Mulleres  
de Cooperativas Agroalimentarias de Galicia



### O 4 de xullo constituíuse *Nós, as mulleres*, Asociación de Mulleres Cooperativas Agroalimentarias de Galicia

Constituíronse no marco do obradoiro “Apoderamento de Mulleres Socias de Cooperativas” e teñen como finalidade o desenvolvemento efectivo e integral da muller, así como dotala de visibilidade profesional en todos os ámbitos.

[Ver máis](#)

### Casa Grande de Xanceda acolle a estudantes do obradoiro Dual de Emprego “Terras da Montaña II”

Casa Grande de Xanceda recibiu ao alumnado do obradoiro Dual de Emprego que se imparte en Sobrado dos Monxes, para mostrarlles as características do cooperativismo como opción de negocio para prosperar e xerar emprego no medio rural.

[Ver máis](#)

## Actividades



### Obradoiro de formación de titoras xerenciais en empresas da economía social

A finalidade do obradoiro é cubrir as necesidades formativas das persoas candidatas a bolseiras para unha estadía en prácticas na área xerencial dunha cooperativa ou entidade de economía social.

**Data:** do 15/07/2019 ao 18/07/2019

**Horario:** de 09:00 a 14:00 h

**Lugar:** rúa Tomiño 22, entrechán, Santiago de Compostela

**Inscripcións:** 981 584 783 / agaca@agaca.coop

[Ver máis](#)

## Contabilidade para o Emprendemento Cooperativo

Edición en VIGO  
do 16 ao 19 de  
xullo 2019



### Obradoiro: Contabilidade para o emprendemento cooperativo

O obxectivo é mostrarlles, desde un punto de vista práctico, ás persoas socias e asalariadas de cooperativas, que é e para que serve a contabilidade nun proxecto cooperativo.

**Data:** do 16/07/2019 ao 19/07/2019

**Horario:** de 09:30 a 14:30 h

**Lugar:** Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Seminario C), Campus As Lagoas, Marcosende, Vigo

**Inscripcións:** [formulario](#) / 986 866 149 / [teresa@espazo.coop](mailto:teresa@espazo.coop)

[Ver máis](#)

### Obradoiro: Apoderamento de mulleres socias de cooperativas

Algúns dos obxectivos son impulsar proxectos relacionados co apoderamento e a presenza da muller nos órganos directivos das cooperativas, fomentar o emprendemento a través do uso de recursos agrarios ociosos e formar a mulleres socias en novas actividades produtivas mediante casos de éxito.

**Data:** 17, 18, 23 e 30/07/2019

**Horario:** de 15:30 a 18:30 h

**Lugar:** Xallas-Santa Comba S. Coop. Galega, Santa Catalina, s/n , Santa Comba (A Coruña)

**Inscripcións:** 981 584 783 / [agaca@agaca.coop](mailto:agaca@agaca.coop)

[Ver máis](#)



**OBRADOIRO  
"APODERAMENTO DE  
MULLERES SOCIAS DE  
COOPERATIVAS"**

## Rede Eusumo

Contacte en: [comunicacion@eusumo.gal](mailto:comunicacion@eusumo.gal) ou 610 17 43 89

Máis información en:



[www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)

